

1.2.

producción

O OBXECTIVO DESTE CAPÍTULO É ANALIZA-la produción na economía galega no último ano, para o que se terán en conta os datos facilitados polo Instituto Galego de Estatística (IGE), os datos da Contabilidade Regional de España do Instituto Nacional de Estadística (INE), a Enquisa de Poboación Activa (EPA).

A primeira parte do capítulo céntrase na análise dos datos da produción da economía galega presentados na *Contabilidade Trimestral de Galicia* (IGE), e reflicte unha reactivación da economía galega despois de tres anos caracterizados pola ralentización do crecemento económico galego. No exercicio do 2003, o produto interior bruto a prezos de mercado (PIBpm) experimentou un crecemento, en termos reais, do 2,4%, cinco décimas máis do que se rexistrara en 2002.

Esta reactivación no crecemento económico trasladouse ó mercado de traballo no seu conxunto, onde a creación de emprego se acelerou, cunha medra de 3,1% (33,4 miles de ocupados máis), 2,2 puntos

1.2.1.

PIB galego e español 2002-03: taxas de variación ⁽¹⁾

	Galicia						España					
	2002	2003	2003				2002	2003	2003			
	(medias anuais)		I	II	III	IV	(medias anuais)		I	II	III	IV
Agricultura e pesca	0,6	-3,9	-5,6	-5,5	-4,0	-0,3	1,0	0,7	-2,1	0,5	2,5	2,1
Enerxía	-3,4	3,5	3,1	4,2	3,9	2,8	0,3	1,4	0,9	1,5	1,7	1,4
Industria	2,7	2,0	1,6	1,8	2,1	2,4	0,7	1,3	1,6	1,3	1,0	1,1
Construcción	3,0	4,1	3,8	4,2	4,3	4,1	4,8	3,6	3,7	3,5	3,5	3,7
Servicios	2,2	2,5	2,4	2,6	2,6	2,6	2,2	2,1	1,8	1,9	2,1	2,4
Total non agrario	2,0	2,7	2,5	2,5	2,7	3,1	2,0	2,1	1,7	1,9	2,1	2,4
Total VEB pb	2,0	2,3	2,2	2,2	2,5	2,9	2,0	2,0	1,7	1,9	2,1	2,4
Total PIB pm	1,9	2,4	2,1	2,3	2,5	2,7	2,0	2,4	2,1	2,4	2,6	2,6

(1) VEB a prezos básicos. Prezos constantes (base 1995)
 Fonte: IGE, Contabilidade Trimestral de Galicia e INE, Contabilidade Nacional Trimestral de España

inferior á rexistrada en 2002. O conxunto da economía española, que presenta un crecemento da súa actividade unha décima inferior ó galego, rexistra unha taxa de creación de emprego catro décimas inferior.

Posteriormente preséntanse os datos da Contabilidade Regional de España publicada polo INE, que nos permite compara-los datos da comunidade galega cos rexistrados no conxunto do Estado e no resto das comunidades autónomas. No ano 2003 a economía galega medrou un 2,4%, sendo a súa importancia relativa no total estatal do 5,37%.

Producción segundo o IGE

A actividade económica de Galicia ó longo do ano 2003 rexistrou un crecemento medio –medido en termos de produto interior bruto a prezos de mercado- do 2,4%, cinco décimas superior ó rexistrado no exercicio anterior. Como reflicte o **gráfico 1.2.1**, en 2003 prodúcese unha reactivación da economía galega despois da desaceleración sufrida nos dous anos anteriores. En termos absolutos, o PIB a prezos de mercado acadou os 36.128,0 millóns de euros (prezos constantes base 2000).

Atendendo á distribución sectorial, o **cadro 1.2.1**. reflicte que esta reactivación

económica prodúcese polo comportamento dos sectores non agrarios considerados no seu conxunto, que presentan unha medra do 2,7% respecto a 2002, sete décimas máis que a experimentada no ano anterior. Pola contra, fronte á medra de sete décimas experimentada en 2002, a actividade económica no sector primario rexistrou no último ano unha caída ata situarse no 3,9%, 3,3 puntos menos que en 2002.

Aínda que de forma conxunta esta reactivación do crecemento da economía galega trasladouse ó mercado de traballo, onde a poboación ocupada galega rexistrou unha medra do 3,1% (33,2 miles de persoas máis), 2,2 puntos porcentuais máis que en 2002, esta medra só se rexistra no caso do sector servizos (7,2% respecto á ocupación de 2002).

O valor engadido bruto (VEB) a prezos básicos xerado polo **sector primario** galego acadou os 1.744,5 millóns de euros, o que representa o 5,4% do VEB galego no ano 2003. A pesar da devandita caída da actividade agrícola e pesqueira que se produce ó longo dos catro trimestres do ano 2003, o **cadro 1.2.1**. reflicte unha ralentización no descenso da produción agraria, rexistrando nos dous primeiros trimestres descensos do 5,6% e o 5,5%, fronte ó 4,0% e 0,3% do terceiro e cuarto trimestres do ano.


1.2.2.

Poboación ocupada en Galicia e España 2002-03: distribución segundo sectores económicos

	Galicia			España			Galicia / España	
	2002	2003	03/02	2002	2003	03/02	2002	2003
	(en miles de persoas)		(%)	(en miles de persoas)		(%)	(%)	
Agricultura e pesca	138,0	136,7	-0,9	961,3	942,1	-2,0	14,4	14,5
Industria	218,0	214,6	-1,6	3.153,8	3.123,5	-1,0	6,9	6,9
Construcción	133,4	129,4	-3,0	1.913,2	1.984,6	3,7	7,0	6,5
Servicios	582,6	624,7	7,2	10.229,3	10.644,5	4,1	5,7	5,9
Total	1.072,0	1.105,4	3,1	16.257,6	16.694,6	2,7	6,6	6,6

Fonte: IGE, *Enquisa de Poboación Activa*; INE, *Encuesta de Población Activa*

G.1.2.1.

Crecedemento da economía galega 1998-03: variacións medias anuais do PIB pm e do emprego

No ano 2003 continúa o proceso de redución do emprego agrario rexistrado nos últimos anos en Galicia (roto excepcionalmente en 2000). No último ano a poboación ocupada no sector primario rexistrou unha caída do 0,9% (1,3 miles de persoas menos).

O **sector industrial** galego xerou en 2003 o 22,2% do VEB a prezos básicos do conxunto da economía galega. O valor da produción industrial total medrou nese ano un 2,7% (1,5% no ano anterior) ascendendo a 7.181,4 millóns de euros. Como reflicte o devandito **cadro 1.2.2.**, este crecemento da actividade industrial non se trasladou ó mercado de traballo que se caracterizou por un descenso da ocupación, que acadou as 214,6 miles de persoas (1,6%, 3,4 miles de persoas menos).

Atendendo á desagregación entre o subsector enerxético e o conxunto das ramas industriais, fronte ó crecemento do 3,4% do VEB da actividade enerxética (caera un 2,9% en 2002), as ramas industriais presentan unha ralentización no seu ritmo de crecemento, cunha medra do 2,4%, cinco décimas inferior á presentada en 2002. O VEB xerado polas ramas industriais e pola enerxía ascendeu a 5.573,5 miles de euros e 1.607,9 miles de euros, respectivamente, sendo o seu peso relativo no total galego, do 17,2% e 5,0%, respectivamente.

Os datos do Índice de Producción Industrial de Galicia, que é o principal indicador da actividade industrial, **cadro C.3.1.** (*Índice de Producción Industrial de Galicia 2002-03*), reflicten que, ó longo

do ano 2003, o índice xeral rexistrou un crecemento medio anual do 3,8%, sendo este crecemento do 5,3% no caso dos bens enerxéticos.

Atendendo á súa clasificación segundo destino económico dos bens, o devandito **cadro C.3.1.** amosa unha medra nos diferentes destinos considerados, sendo do 3,5% para o caso dos bens de equipamento, e do 3,3% e 3,2% no dos bens de consumo e bens intermedios.

Ó igual que en anos anteriores, a **construcción** segue a se-lo sector económico que rexistra un maior crecemento. Ó longo do ano 2003, este sector rexistrou unha medra media do 3,1% (3,0% en 2002), acadando os 3.869,2 millóns de euros, o que representa o 12,0% do VEB xerado polo conxunto da economía galega. A ocupación rexistrou un descenso do 3,0% respecto ó ano anterior para situarse nos 129,4 miles de persoas.

A licitación oficial de tódalas administracións en 2003 medrou a un ritmo de 25,7% (26,0% rexistrado no ano anterior). Esta medra centrouse fundamentalmente na rama de obra civil, que rexistrou un crecemento do 26,4% respecto a 2002, xa que a rama de edificación, creceu un 2,6%.

A licitación oficial da administración autonómica descendeu un 15,8% respecto a 2002, producíndose esta caída tanto no caso da rama edificación como no da obra civil, cunha redución do 19,9% e do 12,8% respecto ó ano anterior, respectivamente.

Respecto ó consumo de cemento, ó longo do ano 2003 consumíronse en Galicia un total de 2.917.617 toneladas, o que representa o 6,3% do total consumido en España. Comparado cos datos rexistrados no ano anterior, o consumo de cemento medrou un 5,6% en Galicia fronte a un

crecemento do 4,8% no conxunto do Estado.

O VEB xerado polo **sector servizos** experimentou en 2003 unha medra do 2,6% (oito décimas superior á de 2002), situándose nos 19.568,7 millóns de euros (o 60,5% da produción galega). Atendendo á desagregación entre servizos de mercado e servizos non de mercado, os primeiros representan o 44,2% do VEB galego, e os segundos, o 16,2%.

A poboación ocupada no sector servizos foi de 624,7 miles de persoas, un 7,2% máis que no ano 2002. En termos absolutos, entre os anos 2002 e 2003, a ocupación no sector servizos medrou en 42,1 miles de persoas.

Producción segundo o INE

A **Contabilidade Regional de España** indica que o valor engadido bruto a prezos básicos, prezos constantes, (base 1995) ascendeu en Galicia no ano 2003 a 27.771,0 millóns de euros, o que representa o 5,37% do PIB xerado no conxunto do Estado. Comparado co ano anterior, Galicia rexistrou unha medra do 2,4%, similar á experimentada no conxunto do Estado.

Atendendo á desagregación sectorial, **cadro C.1.4.** (*Producto Interior Bruto a prezos de mercado das CC.AA. 2003: distribución segundo ramas de actividade*), hai que salientar, por unha banda, que os sectores servizos e industrial (sen industria) son os máis importantes canto á súa contribución ó VEB galego, co 62,6% e o 17,7% do mesmo, respectivamente. Ámbolos dous presentan unha importancia relativa inferior á que rexistran estes sectores no total estatal, co 68,2% e 18,8% do PIB estatal, respectivamente. Por outra banda, o peso relativo dos outros sectores na economía galega é superior ó que presentan na economía española. Así, a **construcción** supón o 9,9% do PIB galego

1.2.3.

VEB e PIB ⁽¹⁾ das CC.AA. 2003: taxas de variación interanuais

	Total VEB	Total PIB	Agricultura, gand. e pesca	Enerxía	Industria	Construcción	Servizos
	(%)						
Andalucía	2,48	2,90	4,69	4,10	1,70	4,20	2,08
Aragón	2,22	2,64	2,35	0,03	2,64	3,00	2,22
Asturias	1,75	2,16	0,07	-7,00	0,55	4,17	3,19
Baleares	0,57	0,98	-6,02	3,38	-1,70	-0,93	1,00
Canarias	2,16	2,57	-3,73	-4,28	2,55	3,91	2,37
Cantabria	1,70	2,11	-5,00	-6,06	1,02	1,98	2,76
Castela e León	2,18	2,59	2,11	4,60	1,30	3,60	2,11
Castela-A Mancha	1,82	2,23	3,00	0,00	-0,77	3,34	2,34
Cataluña	1,67	2,09	-5,44	1,36	1,10	3,70	2,01
C. Valenciana	1,47	1,88	-2,54	-0,23	-1,08	3,21	2,43
Estremadura	2,00	2,41	-2,98	5,33	2,61	1,63	2,60
Galicia	1,98	2,39	-4,00	4,05	1,90	3,60	2,30
Madrid	2,30	2,72	2,58	2,94	2,41	3,50	2,22
Murcia	2,83	3,25	0,24	0,00	2,22	4,66	3,31
Navarra	2,54	2,96	1,22	-4,76	2,00	4,02	3,18
País Vasco	1,93	2,35	-7,00	-2,15	2,07	4,38	2,22
A Ríoxa	2,26	2,68	7,17	0,00	1,34	5,84	1,70
Ceuta e Melilla	1,84	2,26	12,64	1,33	1,31	4,80	1,69
Total	2,01	2,43	0,70	1,36	1,27	3,59	2,23

(1) VEB a prezos básicos (prezos constantes)
Fonte: INE, Contabilidad Regional de España

fronte o 8,8% no caso do Estado, e o sector primario e a enerxía achegan, respectivamente, o 7,0% e 6,7% do PIB galego fronte ó 4,0% e 4,1%, respectivamente, no conxunto da economía española.

No que á súa contribución á economía española se refire, a achega da economía galega ó total do PIB xerado no conxunto do Estado, o devandito **cadro C.1.4.** amosa que Galicia aporta o 5,37% do total do PIB español (prezos constantes). É a sétima comunidade con maior contribución tras Cataluña, Madrid, Andalucía, a C. Valenciana, País Vasco e Castela e León. Pola contra, se esta comparación se fai atendendo ó índice PIB/habitante (acada os 11.164 euros por habitante en Galicia), a nosa comunidade acharíase por diante de Andalucía e Estremadura.

No que ás diferentes ramas de actividade se refire, as máis importantes pola súa contribución relativa ó total estatal son as correspondentes ó subsector enerxético e ó sector primario, que aportan o 9,4% e o 8,7% do total xerado nas mesmas. O sector da construción galego vén representar o 6,1% do VEB do sector, mentres

que a contribución dos sectores industrial e servizos foi do 5,1% e 4,9%, respectivamente. ■

